

Tarefa Ciencias Sociais e Ciencias Naturais

En primeiro lugar, tedes que pensar **un lugar que vos gustaría visitar ou que xa visitastes**.

En segundo lugar, tedes que contarme se ese lugar é de interior ou de costa e indicar porque o soubéchedes, se é unha paisaxe natural ou se é unha paisaxe humanizada, se é unha vila pequena ou unha gran cidade...

En terceiro lugar, teredes que situar ese lugar nun mapa. Podedes facelo, por exemplo, mediante a aplicación Google Maps para saber exactamente onde se atopa e para saber tamén cantos quilómetros de distancia existen dende a vosa casa ata ese lugar. Debedes indicar onde se atopa mediante a aplicación, cun globo terráqueo ou nalgún mapa que atopedes en libros e contarme cantos quilómetros de distancia existe dende a vosa casa ata ese lugar.

Tedes que contarme se ese lugar se atopa no hemisferio norte ou no hemisferio sur e se está ao este ou ao oeste.

Teredes que contarme tamén en qué época do ano visitastes/vos gustaría visitar ese lugar e por qué e que medio de transporte empregaríades para ir (bus, coche, avión, tren...)

Unha vez que fagades todo esto, teredes que buscar información sobre algún ser vivo que viva nese lugar. Tedes que escoller, **polo menos, un animal** e se queredes tamén algunha planta ou árbore típica da zona.

Unha vez escollido o animal, teredes que contarme se ese animal é vertebrado ou invertebrado, a qué grupo pertence e as súas características, se é ovíparo ou vivíparo, se se reproduce sexual ou asexualmente. Para isto podedes mirar polo libro ou consultar o esquema que tedes na libreta sobre a clasificación dos animais.

Tamén tedes que contarme se é un animal herbívoro, carnívoro, omnívoro ou detritívoro e dicirme de que se alimenta.

Por último, teredes que contarme algo sobre costumes típicas dese lugar: a gastronomía, cultura...

Que plato ou sobremesa é típico alí? Teñen algunha festa importante ou famosa? Hai algún baile típico da zona?

Para organizar toda a información déixovos estas caixiñas para que vaiades completando dato por dato e despois poder escribilo máis facilmente.

Se queredes, podes incluír algunha imaxe do lugar, do ser vivo que escollestes, das costumes típicas do lugar, algún vídeo... O que queirades.

Lugar	
Lugar de interior ou costa? Ten praias, cantís, mesetas, montañas, vales, cabos, illas, chairas, serras?	
Paisaxe natural ou humanizada? Recorda que unha paisaxe humanizada é a que foi modificada polas persoas para mellorar a súa calidade de vida (ten parques, centros de saúde, colexios...)	
Vila pequena ou gran cidade?	
Cantos kilómetros de distancia hai dende a túa casa até ese lugar?	
Está no hemisferio norte ou no hemisferio sur?	
Está no este ou no oeste?	
En que época do ano visitarías ese lugar? Por que?	
Que medio de transporte empregarías para chegar ata alí?	

Ser vivo	
Vertebrado ou invertebrado?	
Mamífero, anfibio, peixe, ave, reptil? Artrópodo, molusco?	
Cales son as súas características? Mama leite? Ten escamas, ten pelo, plumas, ás, peteiro? Respira por branqueas, por pulmóns? E ovíparo ou vivíparo? Incuba os ovos?	
Reprodúcese de forma sexual ou asexual? Recordade que na reprodución sexual interviñan dous individuos (macho e femia) e na asexual só participaba un individuo.	
E herbívoro, carnívoro, omnívoro, detritívoro? De que se alimenta?	

Costumes típicas do lugar	
Que prato ou sobremesa é típico alí?	
Ten algunha festa importante ou famosa?	
Hai algún baile típico da zona?	
Que é o que máis vos sorprende?	

A continuación, escribide toda a información que recollestes.

- Podedes consultar a a información necesaria no libro de texto, nos resumos de cada tema, nos vídeos que incluimos nos diferente resumos, en diferentes páxinas web...
- Recordade incluír todos os datos razoando as respostas.
- Non vos esquezades das comas e dos puntos. Pensade cando precisades facer unha pausa. Recordade que, se cambiamos de tema, debemos escribir punto e aparte.
- Lembraide tamén como se separan as palabras ao final de liña. (en sílabas e empregando o guión)
- Escribide con boa letra.

O lugar que visitei ou que me gustaría visitar é _____

Un dos seres vivos que habita nese lugar é _____

Algunhas das cousas máis típicas dese lugar son _____

Creo que o que máis me gusta dese lugar é _____

_____ porque _____